

OS PEORES PRONÓSTICOS ESTÁN CAMIÑO DE CUMPRIRSE

O *Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM)* ven de coñecer a decisión das autoridades sanitarias do SERGAS de **pechar a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica ubicada no Hospital Gil Casares de Santiago**. Se ben a decisión afectaría a un período que vai do 1 de xullo ata o 15 de outubro, anticipa un peche sen dúbida definitivo, e unha desaparición de recursos tan escasos como imprescindibles.

Hai pouco máis dun mes, no seu manifesto fundacional, o MGSM xa sinalou cómo se estaban a **conculcar os dereitos asistenciais das persoas** ó negárselles o acceso a prestacións que teñen recoñecidas como dereitos, e salientou que esto estaba a **danar ós mais desfavorecidos e ós mais graves** no seu estado de saúde.

Tamén chamou a atención sobre unha actitude aparentemente deliberada, detectada nalgunhas áreas sanitarias, de restricción do acceso ó ingreso hospitalario a persoas necesitadas del, ó seren rexeitadas en urxencias a pesar do seu risco e necesidade, e apuntando a que se estaba a construír polos responsables sanitarios a xustificación para reducir camas de hospitalización. **É dicir: ingresar menos -aínda que estivera indicado-, dar de alta máis rápido, e como consecuencia concluir que as camas son innecesarias**. Velaí as probas dese plan artellado polo SERGAS, disfrazado como si fora un resultado de “boa xestión”.

Está en proceso de execución a **redución dos recursos sanitarios mais grave e mais insolidaria que se podía acometer**, a dos medios de atención á saúde mental: porque afecta a un dos sectores sanitarios máis fráxiles e peor dotados, porque reduce a asistencia dun sector de poboación especialmente vulnerable, porque según tódolos datos que se están a coñecer é a saúde mental da poboación a que máis está a sufrir ca crise (incremento de solicitude de consultas, incremento de consumo de antidepressivos e ansiolíticos, aumento dos trastornos depresivos, aumento da taxa de suicidios) e en particular en Galicia que sostén hai anos **o mais triste liderato do Estado Español**: o de sufrir a maior taxa de suicidios.

E todo se está a facer sen información pública, sen consulta cos profesionais e afectados, sen considerar os indicadores de saúde, sen ouvir as recomendacións internacionais (OMS), sen outro plan nin outro obxectivo que o que para sí gardan os responsables da atención á saúde. **Antidemocráticamente se está a dispor do que é de toda a cidadanía**.

Dunha forma insensible e irresponsable, **incúmpanse polos nosos gobernantes tanto o deber de protección da saúde** da poboación como as súas obrigas constitucionais.

O *Movemento Galego da Saúde Mental* chama a toda a cidadanía e en especial a profesionais da saúde, a usuarios dos servizos de saúde mental, a asociacións de

familiares e doentes, a organizacións sociais, a representantes públicos, ás institucións, e a toda aquela persoa que se sinta danada por esta embestida contra a sanidade pública a:

- Manifestar a través dos medios ó seu alcance a oposición pública ó peche da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Gil Casares, ou de calquera outro recurso público de atención á saúde mental.
- Reclamar a transparencia e a difusión de información dos proxectos que a Consellería de Sanidade e o SERGAS teñen para a saúde mental.
- Esixir o reforzamento e a dotación adecuada dos equipos asistenciais de saúde mental acorde ca grave situación sanitaria que estamos a vivir en Galicia.

Cumprindo ca misión que motivou o seu nacemento, o *MGSM* manterá a información sobre esta cuestión, e convocará oportunamente ás accións públicas que máis útiles poidan ser para impedir unha acción tan inxusta, tan insensible socialmente, tan insolidaria, e de tan graves consecuencias sanitarias.

Por nós non vai ser. Non o farán.

En Santiago a 29 de abril de 2014

MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL